

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E  
CUALIFICACIÓN DO  
DEPARTAMENTO DE LINGUA  
GALEGA E LITERATURA

CURSO 2023/2024

CENTRO: IES CASTRO ALOBRE

CURSO: 2023/2024

MATERIAS: LINGUA GALEGA E LITERATURA,  
ORATORIA E PROXECTO COMPETENCIAL

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: 29/09/2023

## **1º ESO**

### **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

#### **Avaliación Inicial**

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico... constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

#### **Criterios de cualificación**

Na valoración do traballo realizado polo alumnado en cada avaliación, aplicarase a seguinte porcentaxe:

- Avaliación de contidos e destrezas: En cada trimestre aplicaranse os criterios de avaliación de cada bloque de contido en relación cos estándares de aprendizaxe implicados. Estableceranse as rúbricas correspondentes tendo en conta a materia a avaliar e o tipo de tarefas e actividades proposto.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

3

Os mecanismos de avaliación consistirán en probas escritas, traballos, exposicións, presentacións etc. relacionadas coa materia. Suporán un 100% da nota final, distribuída do seguinte xeito:

- Probas escritas: 50%
- Actividades diarias, presentación do material, así como outro tipo de traballos, exposicións etc...que propoña o profesorado do departamento,este distribuirase do seguinte xeito:
  - Oralidade 15%
  - Traballo de aula-expresión escrita 10%
  - Participación - actitude cara a materia 15%
  - Lectura: Libro obrigatorio, a lectura do libro será cualificada mediante unha proba oral ou escrita. 10%

Polo que respecta ás lecturas voluntarias, cualificaranse a partir dunha proba oral ou escrita e poderán realizarse no prazo indicado polo profesorado ata un máximo de dúas por avaliación podendo acadar ata un punto (0,5 cada unha) que se sumará á nota media da avaliación sempre e cando o alumno ou alumna acadase o aprobado na materia, de non ser así non se terá en conta. Como lectura poderán escoller a partir das opcións que se ofrecen en cada trimestre ou outras que o alumno/-a e profesor/-a consideren.

Establécese unha listaxe de faltas\* (engádense ao final destes criterios) ou erros que atinxen á ortografía (no caso da escrita) e tamén á morfoloxía e sintaxe. O desconto por faltas pode chegar ata un máximo dun 10% da nota coa que estea valorada cada unha das partes avaliáveis.

\*Para aprobar LINGUA GALEGA E LITERATURA de 1º ESO o alumnado deberá chegar a un 5 despois de sumar a puntuación conseguida en cada parte.

A nota final da convocatoria de xuño será a resultante da media das notas obtidas nas tres avaliacións. De non chegar ao 5, realizarase unha proba de recuperación final cos contidos que especifique o profesorado.

### **Cráterios de recuperación**

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando acade unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos e a 1ª e 2ª avaliación son continuas.

## **2º ESO**

### **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

#### **Avaliación Inicial**

Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc., constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua abordadas no primeiro curso.

#### **Criterios de cualificación**

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redonda na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 40% a través de táboas de indicadores fronte a un 60% a través de probas escritas.

Por incompatibiliade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

5

--- Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas ata un máximo de dous puntos.

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 3º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 3º de ESO.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 3º de ESO lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

--- Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Se a cualificación é superior a 5 poderanse sumar ata 1 puntos por actividades voluntarias (véxase o apartado 7.2. Actividades complementarias).

--- Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

--- Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

### **Criterios de recuperación**

Alén das distintas probas realizadas ao logo do curso, para que o alumnado con parte da materia suspensa poida adquirir as aprendizaxes competenciais pendentes, tamén se establecerán, en cada caso, as medidas oportunas.

Deberanse fixar prazos e espazos de entrega (aula virtual ou Edixgal) para facilitar a presentación das tarefas sen superar.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

6

Para recuperar os proxectos trimestrais procederase do seguinte xeito:

- Ao longo do 2º trimestre, no prazo establecido pola/o docente, o alumnado que suspendese ou non realizase as actividades do proxecto do 1º trimestre poderá volver presentalas.
- Ao longo do 3º trimestre, no prazo establecido pola/o docente, o alumnado que suspendese ou non realizase as actividades do proxecto do 2º trimestre poderá volver presentalas.
- O proxecto do terceiro trimestre recuperarase, no prazo establecido pola/o docente, a través de actividades ou exercicios individuais similares aos realizados no traballo proposto.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles de repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

### **PROXECTO COMPETENCIAL**

#### **Avaliación Inicial**

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

#### **Criterios de cualificación**

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier con toda a información recompilada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Produto final

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### **Criterios de recuperación**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

7

escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **Avaliación Inicial**

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

### **Criterios de cualificación**

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redunda na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 30% a través de táboas de indicadores fronte a un 70% a través de probas escritas.

Por incompatibiliade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

9

--- Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas ata un máximo de dous puntos.

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 3º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 3º de ESO.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 3º de ESO lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

--- Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Se a cualificación é superior a 5 poderanse sumar ata 1 puntos por actividades voluntarias (véxase o apartado 7.2. Actividades complementarias).

--- Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

--- Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

### **Criterios de recuperación**

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Para facilitar a recuperación dos trimestres, procederase dos seguinte xeito:

- Ao longo do segundo trimestre no prazo establecido pola/o docente o alumnado que suspendese o primeiro trimestre poderá realizar a súa recuperación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

10

- A segunda e terceira avaliación recuperaranse no final do terceiro trimestre.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

## **ORATORIA**

### **Avaliación Inicial**

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral, que será valorada segundo táboa de indicadores.

### **Criterios de cualificación**

Ao longo do curso, haberá unha variación significativa nos instrumentos de avaliación. Nas primeiras unidades, utilizaranse se for preciso algunhas probas escritas, coincidindo coa parte de contidos teóricos, que deberán asentarse como base para un desenvolvemento posterior. Pola contra, na última avaliación, só se usan táboas de indicadores, a efectos de rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria, que será dominante no remate do curso.

Independentemente dos instrumentos empregados para a cualificación, o alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

### **Criterios de recuperación**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba no final do trimestre que englobe os contidos tratados durante o curso.

## **PROXECTO COMPETENCIAL**

### **Avaliación Inicial**

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En

función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### **Criterios de cualificación**

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: realización dun informe que recolla o traballo elaborado por cada grupo.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: entrega dos contidos relacionados coa sección da radio escollida.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición da radio.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **4º ESO**

### **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

#### **Avaliación Inicial**

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc., constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado extraerá ao chou dúas palabras, unha será unha palabra común no noso idioma e outra será unha palabra un chisco máis específica. A continuación disporá de cinco minutos para preparar individualmente e sen posibilidade de axuda externa unha exposición oral de catro minutos en rexistro formal na que poderá establecer a relación que desexe entre as dúas palabras sempre e cando sexan o centro da súa exposición.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita de carácter argumentativo que estará relacionada co texto da comprensión escrita.

#### **Criterios de cualificación**

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua escrita e oral, o cal redunda na presenza dunha porcentaxe algo maior das probas escritas con relación ao valor das táboas de indicadores, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación cun 70% a través de probas escritas fronte a un 30% a través de táboas de indicadores.

Criterios de cualificación:

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

13

Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

--- Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 4º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa. Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 4º de ESO.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 4º de ESO lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

--- Cualificación trimestral:

Obtense a través dos seguintes instrumentos e procedementos nas seguintes porcentaxes:

10% - Procedemento: traballo de aula - Instrumento: Diario de aula e observación directa.

10% - Procedemento: traballo e investigación ou proxecto - Instrumento: Criterios de corrección e Rúbrica ou Táboa de Indicadores.

10% - Procedemento: Lectura autónoma - Instrumento: Rúbrica ou Táboa de Indicadores

70% - Procedemento: Proba escrita - Instrumento: Criterios de corrección.

Ata +0.5 puntos unha vez acadado o 5 - Procedemento: Tarefas voluntarias - Instrumento: Observación directa.

Se a cualificación é superior a 5 poderanse sumar ata 0.5 puntos por actividades voluntarias (véxase o apartado 7.2. Actividades complementarias).

--- Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media ponderada das notas medias dos tres trimestres segundo o valor das diferentes unidades didácticas na programación.

--- Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

## **Criterios de recuperación**

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Para facilitar a recuperación dos posibles proxectos trimestrais, procederase do seguinte xeito:

- Ao longo do segundo trimestre no prazo establecido pola/o docente o alumnado que suspendese o proxecto ou proxectos do primeiro trimestre poderá volver a realizar a entrega para a súa recuperación.

- Ao longo do terceiro trimestre no prazo establecido pola/a o docente o alumnado que suspendese o proxecto ou proxectos do segundo trimestre poderá volver a realizar a entrega para a súa recuperación.

- No caso do proxecto ou proxectos do terceiro trimestre non será posible realizar unha nova entrega.

2. O resto de probas e entregas do curso, tanto de lingua oral como de lingua escrita que non fosen superadas poderán volver a entregarse unha vez para unha nova avaliación antes da cal o alumnado deberá revisar a corrección da primeira entrega e recibirá as indicacións precisas por parte do profesorado para lograr aqueles saberes e habilidades aínda non logrados.

3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a

superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

## **ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL (4º PDC)**

### **Avaliación Inicial**

#### **LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Farase unha avaliación inicial dos coñecementos e habilidades que nos permita observar o progreso posterior do alumnado. Tendo en conta a baixa autoestima que adoita caracterizar ao alumnado integrado neste programa, evitaremos a realización de probas de valoración que lles lembren aos exames, para favorecer a súa total implicación nas mesmas, sen medo. Así, adicaremos os primeiros días a facer actividades variadas nas distintas materias que conforman o ámbito. Estas serán supervisadas pola profesora e lle permitirá facer unha valoración bastante exacta do seu nivel, así como das carencias e dificultades que presenta cada un deles. Os resultados serán comentados na clase para que se fagan todos os comentarios e suxestións que se consideren oportunos.

Pediráselles, tamén, nesta avaliación inicial, que fagan propostas de traballos de investigación, de lecturas e unha exposición dos seus gustos e intereses. Isto é moi importante porque permitirá coñecer mellor aos estudantes e, así, poder enfocar os distintos contidos dun xeito máis atractivo e interesante para motivalos e facer un pouco máis sinxela a súa aprendizaxe.

### **Criterios de cualificación**

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

15

1ª, 2ª e 3ª avaliación

Realizaranse probas obxectivas escritas que dean conta dos coñecementos adquiridos. Calcularase a nota media entre todas as probas, que constituirán un 60% da nota. En lingua galega e castelá as faltas de ortografía penalizaranse descontando 0,1 da puntuación total por cada falta de ortografía (a partir da terceira) e/ou por dúas tiles ata un máximo de 1 punto.

A participación activa na realización de tarefas como proxectos de lecturas, comprensión de textos, proxectos de investigación, valorando tanto a calidade da información como a presentación en distintos soportes constituirá un 20% da nota (calcularase a nota media entre todas as tarefas planificadas). Será obxecto de avaliación negativa non utilizar a lingua galega, tanto oralmente como na escrita, na materia de Lingua galega. Ao comezar cada un destes proxectos, informarse ao alumnado de cales van ser as rúbricas a seguir para a súa cualificación.

As exposicións orais, postas en común, debates, constituirán un 10% da nota. Serán cualificadas segundo as rúbricas correspondentes.

As actividades a realizar durante a clase no caderno, como ferramenta de traballo diario, así como aquelas que o alumnado deba realizar na súa casa para repasar os contidos explicados e que serán corrixidas na clase ou entregadas para a súa corrección pola profesora, constituirán un 10% da nota. Para establecer a puntuación neste apartado teranse en conta os seguintes puntos, que se irán rexistrando nun caderno de notas: o emprego da lingua galega, tanto oral como escrita, en Lingua galega; a realización e boa presentación das tarefas diarias; a corrección dos exercicios propostos; un caderno ordenado e sen tachaduras; a ortografía; a claridade dos contidos e a síntese; a expresión oral e escrita; a puntualidade na entrega dos traballos na data fixada; o grao de participación na clase e a colaboración nas tarefas en grupo; o material necesario para a realización das tarefas..

A cualificación de cada avaliación será a suma das porcentaxes acadadas nos distintos apartados. A nota destas tres materias constituirá o 75% da nota de cada avaliación e da nota final. O 25% restante estará constituído pola nota de Inglés.

No caso do alumnado con exención en Lingua galega, as materias de Lingua castelá e Xeografía e Historia constituirán un 66,66% da nota. O alumnado terá a obriga de asistir a clase e facer as tarefas correspondentes para acadar o dominio suficiente da lingua que lle permita afrontar niveis superiores en igualdade de condicións que o resto do grupo.

Cálculo para obter a cualificación final de curso:

- A cualificación final do alumnado coas tres avaliacións superadas será a media aritmética entre as notas de cada avaliación.

- A cualificación final do alumnado coas avaliacións non superadas será un 5, sempre e cando a nota das probas de recuperación de xuño estea entre 5 e 6. Se a nota das probas de recuperación é 6 ou maior que 6, farase a media aritmética entre esta nota e a nota da avaliación a recuperar.

### **Criterios de recuperación**

#### LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA

Ao ser avaliación continua, considerarase aprobada unha avaliación suspensa, ao aprobar a seguinte. O alumnado que non consiga superar as materias de Lingua castelá, Lingua galega e Ciencias Sociais deberá facer en xuño probas escritas e actividades de recuperación que permitan unha mellor comprensión dos contidos. Tamén, de ser o caso, deberá presentar traballos sobre as

lecturas lidas, proxectos de investigación e facer exposicións orais, que serán cualificados segundo as rubricas correspondentes.

## **ORATORIA**

### **Avaliación Inicial**

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral, que será valorada segundo táboa de indicadores.

### **Criterios de cualificación**

Ao longo do curso, haberá unha variación significativa nos instrumentos de avaliación. Nas primeiras unidades, utilizaranse se for preciso algunhas probas escritas, coincidindo coa parte de contidos teóricos, que deberán asentarse como base para un desenvolvemento posterior. Pola contra, na última avaliación, só se usan táboas de indicadores, a efectos de rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria, que será dominante no remate do curso.

Independentemente dos instrumentos empregados para a cualificación, o alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

### **Criterios de recuperación**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba no final do trimestre que englobe os contidos tratados durante o curso.

## **PROXECTO COMPETENCIAL**

### **Avaliación Inicial**

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.



### **Criterios de cualificación**

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: realización dun informe que recolla o traballo elaborado por cada grupo.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: elaboración de guións, localizacións para a relación da curta e casting de personaxes.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: gravación e presentación da curta.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **1º de BACHARELATO**

### **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

#### **Avaliación inicial**

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

#### **Criterios de cualificación**

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redundará na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 52% a través de táboas de indicadores fronte a un 48% a través de probas escritas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

19

Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non se pode incluír ningún mecanismo de suba de nota por fóra das porcentaxes incluídas para cada criterio de avaliación nin tampouco existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 1º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 1º de bacharelato.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 1º bacharelato lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

### **Criterios de recuperación**

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria (para bacharelato) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

20

impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación ordinaria, a/o docente de Lingua Galega e Literatura realizará un breve informe de avaliación individualizado.

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Para facilitar a recuperación dos proxectos trimestrais, procederase do seguinte xeito:

- Ao longo do 2<sup>a</sup> trimestre no prazo establecido pola/o docente o alumnado que suspendese o proxecto nº 1 poderá volver a entregalo para a súa recuperación.

- Ao longo do 3<sup>o</sup> trimestre no prazo establecido pola/a o docente o alumnado que suspendese o proxecto nº 2 poderá volver a entregalo para a súa recuperación.

2. O resto de probas e entregas do curso, tanto de lingua oral como de lingua escrita, poderán recuperarse no período abranguido entre a 3<sup>a</sup> avaliación ordinaria e a avaliación final. Inclúese aquí a entrega do proxecto nº 3 para a súa recuperación.

3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

## **2º de BACHARELATO**

### **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

#### **Avaliación inicial**

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, a sociolingüística, a literatura e os hábitos lectores referidos ao aprendido en 1º de Bacharelato.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

## **Criterios de cualificación**

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de probas, proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua escrita e oral, o cal redonda na presenza dunha porcentaxe maior das probas escritas con relación ao valor das táboas de indicadores, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación cun 80% a través de probas escritas fronte a un 20% a través de táboas de indicadores.

Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 2º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa.

Criterios de cualificación:

Obtense a través dos seguintes instrumentos e procedementos nas seguintes porcentaxes:

80% - Procedemento: Proba escrita - Instrumento: Criterios de corrección.

10% - Procedemento: traballo de aula - Instrumento: Diario de aula e observación directa; ou procedemento: traballo e investigación ou proxecto - Instrumento: Criterios de corrección e Rúbrica ou Táboa de Indicadores.

10% - Procedemento: Lectura autónoma - Instrumento: Rúbrica ou Táboa de Indicadores

Ata +0.5 puntos unha vez acadado o 5 - Procedemento: Tarefas voluntarias - Instrumento: Observación directa.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 2º de bacharelato.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 2023/2024

23

unha proba de 2º bacharelato lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Cualificación final ordinaria do curso:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres. O redondeo á alza só se fará no caso en que a nota media final sexa igual ou superior a 6 centésimas. Para acadar o 5 en calquera avaliación, o resultado da proba escrita non será inferior a 3.5.

Cualificación extraordinaria:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas únicas ou unha parte delas.

### **Criterios de recuperación**

Realizaranse probas de recuperación da materia suspensa, que poderán levarse a cabo ao longo do curso por avaliacións ou ben na semana de maio disposta para a realización de exames. A preparación da proba extraordinaria incluírá a impartición de actividades de apoio, reforzo e recuperación.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.